

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Laureano Rodríguez, a Lois Tobío Fernández do
14/11/1979**

Colección:

Data: 14/11/1979

De:

Laureano Rodríguez;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Belgrano, 2199 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con dúas sinaturas autógrafas (Rodolfo A. González, secretario e Laureano Rodríguez, presidente) e con membrete: INSTITUTO ARGENTINO DE CULTURA GALLEGA. CENTRO GALLEGO DE BS. AS. Como anexo vai un texto mecanografado ao que fai referencia a carta baixo o título de "Manifesto da colectividade galega de Bos Aires", con varias sinaturas autógrafas e co selo do INSTITUTO ARGENTINO DE CULTURA GALLEGA. CENTRO GALLEGO DE BS. AS.].

Mencionados:

Afonso o Sabio, X de Castela e IX de León-Galicia; Francisco Luís Bernárdez; Eduardo Jorge Bosco; Rosalía de Castro; Manuel Curros Enríquez; Federico García Lorca; Manuel Lago González; Valentín Lamas Carvajal; Manuel Leiras Pulpeiro; Eduardo Pondal; Amado Villar;

Notas do editor:

Carta cun texto anexado sobre a lingua galega que envía do IACG a Lois Tobío para informalo do tema. En total son 4 páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Laureano Rodríguez, a Lois Tobío Fernández do 14/11/1979

IA
CG Instituto argentino
de cultura gallega
centro gallego de Bs. As.

Bos Aires, 14 de novembro de 1979.-

Señor D. Luis Tobío Fernández
Bonetero, 5 1º
Madrid, 16

Para o seu coñecemento, adxuntamos o manifesto que as Entidades representativas da colectividade galega de Bos Aires, emitiron con relación ao disposto polo Goberno Español, sobor da incorporación do Idioma Galego ao Sistema Educacional de Galicia.-
Saudan a vostede coa mais outa consideración.

Rodolfo A. González [sinatura autógrafa]
Segretario
Laureano Rodriguez [sinatura autógrafa]
Presidente

[texto anexado:]

MANIFESTO DA COLECTIVIDADE GALEGA DE BUENOS AIRES

No boletín oficial de Madrid, do 20 de agosto deste ano, publicouse unha disposición do Goberno Hespagnol de extraordinaria transcendencia pra o pobo galego. Trátase dunha Real Orden pola cal se incorpora o Idioma Galego ao sistema educacional de Galicia. Fica así, a lingua galega, equiparada oficialmente a lingua castelán no ámbito do insino na nacionalidade histórica galega.-
Con elo se van a rectificar a grave inxusticia que o Goberno Central hespañol cometera ca belida lingua do pobo galego, ao pospoñela, pois equivaléu a despreciar a unha das próceres línguas da Europa Occidental.-

ORIXE, DESENROLO E PRESTIXIO DA LINGUA GALEGA

O idioma galego nasceu a par do castelán. Os dous proveñen da lingua latina que o Imperio Román impuxo cando invadiu a península ibérica. Mais, o idioma galego acadou ao principio unha amplitude e desenrolo maor que o castelán. Extendéuse por casi toda a península. O galego foi a lingua de reises e da nobreza. Como é ben sabido, o Rei Sabio Alfonso X, escribiu en galego as afamadas Cantigas a Santa María, e asegún o afirmou o esgrevio polígrafo Menéndez Pelayo, –recollendo manifestacións do Marqués de Santillana–, en idioma galego se escribiron as primeiras composicións líricas da Hespaña.-

A lingua galega deu orixe a portuguesa, e xuntas produxeron a poemática máis belida e importante da idade meia na Europa de occidente, recollida nos famosos Canzoerios Galaico-Portugueses descubertos nas bibliotecas Vaticana, Colucci-Brancutti e Ajuda, que son verdadeiras

xoias da literatura universal.-

Esí era de outa a xerarquía da lingua galega, hastra que, no Século XV a católica Isabel 1ra. usurpou a sua sobreña Doña Xohana, lexítima herdeira de seu pai Enrique IV, o reino de Castilla e mandou tropas mercenarias a invadir a Galicia e a "domala", asegún rotunda afirmazón do cronista castelán Zurita, por se habere mantido fidel a princesa Doña Xohana. A "Doma" consisteu en decapitar ao mariscal Pardo de Cela, valente defensor das terras galegas, i en arrincar de Galicia aos restantes membros da sua nobreza, obrigándoos a se instalaren en Castilla. Deixou así a Galicia sen a sua élite cultural e reitora, sustituíndoa por rexidores casteláns, quenes desbotaron a lingua galega dos orgaismos oficiaes, das escolas, dos documentos púbricos, e das igresias, ficando a lingua galega relegada aos labregos e mariñeiros que a acocharon garimosamente nos seus nobres peitos ea mantiveron viva nos seus beizos. E así se deu a milagre de que supervivise, si ben dun xeito tristeiramente esmorecente, ao traveso de cási que catro séculos, non embargantes as rexas protestas de patriotas galegos, como os célebres curas de Fruime e tamén do esgrevio frade padre Sarmiento, xenial filólogo e apaixonado panexerista do idioma galego. Longa tempada cuatriseccular, na que a cultura galega estivo sen latexar, metida nunha noite pecha, hastra que no século derradeiro, no século XIX, se deron as fulxentes lumieiras de extraordinarios poetas: a grandeira Rosalía de Castro, o bardo Pondal, o rebelde Curros Enríquez, o enxebre Leiras Pulpeiro, o ceguiño Lamas Carvajal eo arzevispo Lago González, quenes recolleron dos beizos de labregos e mariñeiros as débiles expresiós dunha lingua xa depauperada, ea fixeron revivir; e cas suas xeniaes composiós poéticas a reforteceron ea ergueron no outo nivel da mellor poemática moderna da época. Con elo, a literatura en idioma galego, adequeriu prestixio universal. Afamados poetas non galegos, –coma o andalúz Federico García Lorca e os arxentinos Eduardo Jorge Bosco, Amado Villar e Francisco Luís Bernardez, escribiron belidos poemas en lingua galega.-

Na "Longa Noite de Pedra", da dictadura, na que recruceceu o centraismo hespañol, de novo sofreu aseñado perseguiemento a lingua galega. De novo se quixo facela desaparecer, mais novamente a lingua galega foi mais forte que seus perseguidores. Cando rematou a "Longa Noite de Pedra", e voltaron a se alcender na Hespaña as luces da libertade e da democracia, deuse o milagreiro rexurdimento dunha xuventude universitaria que, patrióticamente, se adicou a falar, a escribir ea cantar na lingua galega dos labregos e mariñeiros galegos. De novo a pátria Galicia saíu trunfante.-

A Colectividade galega de Buenos Aires, que tantísimo loitou polo erguemento da lingua galega, rexistra compracida a aitude do Goberno da Hespaña, refrexada na devandita Real Orden, pois elo comporta un pleno reconecemento da xerarquía do Idioma galego, equiparándoo oficialmente ao Idioma Castelán no desenrolo do sistema educacional de Galicia.-

RECRAMAMOS PRENOS DIREITOS PRA LINGUA GALEGA

Diante dise acontecemento histórcio, a Colectividade Galega da República Arxentina, representada pola meirandes instituciós que suscriben iste Manifesto, xunguida na común angueira de que Galicia poida abranguer un vindiouro que enche as necesidás de progreso e libertade que cobiza o seu pobo, cumpre coa patriótica obriga de lle facer chegar as autoridás do Goberno de Hespaña, as da Xunta de Galiza ea opinión cívica en xeral, as angueiras reivindicación democrática e comunitaria, que foron os fitos encol dos cales, en todo-los intres, se moveron en cumprimento das suas labouras societarias. Emporiso é, que compre manifesar, que os centos de miles de galegos que residen nas naciós do Plata, acollen con anovada espranza, a devandita Real Orden, en que mostra un favorábele troque da mentalidade das autoridás hispanas no tocante aos dereitos do noso pobo. Mais sin que, por elo, se hachen, –nin moito menos–, satisfeitos seus desexos de soergumento da nosa fala, posto que é imprescindible que na lingua materna da nación galego, se afinque toda a lexislación atinxente as tarefas educativas do noso país, asegún as esixencias vásicas formuladas pola UNESCO, no senso de que, o insino primario, ten de ser impartido aos nenos na lingua das suas nais.-

Daí que, rexa e urxentemente, demandamos das autoridás correspondentes:

Que a lingua galega sexa recoñecida coma idioma básico e obligatorio no cal se afinque toda

metodoloxía didáctica do maxisterio de Galiza.-

[catro sinaturas autógrafas, dos representantes de catro entidades galegas na Arxentina, dúas delas ilexibles]:

Laureano Rodríguez, presidente do Instituto Arxentino de Cultura Galega - Centro Galego de Bos Aires

C. Mariño, pola A.B.C. de Corcubión

Asociación Mutualista Residentes de Vigo [sinatura ilexible]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.